

exposición itinerante

# OS TRABALLOS ARTESANAIS



## NO CASTRO DE VILADONGA

do 30 de marzo ó 30 de abril de 2007  
Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León"

### Horarios de visita (Museo)

**Martes, xoves e venres**  
10:00 - 13:30 h.  
17:00 - 20:00 h.

**Mércores**  
10:00 - 20:00 h.

**Sábados**  
17:00 - 20:00 h.

**Domingos e festivos**  
10:00 - 13:30 h.

### Horarios dos Obradoiros\*

**Martes e xoves**  
11:00 - 12:30 h.  
18:00 - 19:30 h.

**Sábados**  
18:00 - 19:30 h.

\*Para asistir aos obradoiros é necesario  
reservar praza telefonicamente.

Teléfono de información e reserva de obradoiros:  
**986 460 812**



Concello de Vigo  
Patrimonio Histórico  
Programa Municipal de Divulgación  
e Interpretación do Patrimonio Arqueolóxico

Entre os numerosos materiais que teñen proporcionado as diferentes campañas de escavación no Castro de Viladonga, son de destacar, polo seu número e singularidade, aqueles que teñen relación con calquera tipo de traballo e/ou oficio artesanal (ou "manual", de aí o símbolo gráfico desta exposición).

Esta relación entre a cultura material dun sitio como Viladonga -castro ocupado en época galaico-romana tardía- e unha serie de oficios ou labores artesanais, pode ser directa -en canto que aparecen os trebellos, os útiles e toda clase de obxectos de tal carácter (cerámica, ourivería)- ou ben indirecta, en canto que o que atopamos son as ferramentas ou as materias primas que serviron para elaborar aqueles produtos que pola súa composición orgánica perecedeira non teñen chegado ata os nosos días (o caso dos tecidos, a cestería e a madeira).



Por outra banda, a relación entre a arqueoloxía e a etnografía queda aquí ben plasmada, pois moitos dos instrumentos (e oficios) do traballo artesanal utilizados na época castrexa e galaico-romana tiveron a súa pervivencia, nalgúns casos, ata os tempos presentes. De feito, algunhas pezas arqueolóxicas son identificadas a través do estudio e comparación da cultura material tradicional, principalmente da galega, con todas as cautelas propias de cada caso.

Deste xeito, invitámosvos a facer unha apaixonante viaxe no tempo e na memoria, para coñecer cos cinco sentidos as diferentes solucións que o inxenio dos nosos devanceiros na etapa galaico-romana, atopou para fabricar todos aqueles elementos necesarios para a vida cotiá.

Así, repasaremos a través de pezas arqueolóxicas orixinais, réplicas, paneis gráficos e imaxes, algunhas historias das que nos falan os obxectos desenterrados sobre os traballos da construción, os metais, a madeira, a cerámica, o tecido, etc.

Constataremos tamén a pervivencia destas técnicas e tecnoloxías na cultura tradicional galega.

Por último, teremos oportunidade de practicar por nós mesmos, no obradoiro adxunto á exposición, aqueles contidos e métodos artesanais explicados e ilustrados nos diferentes paneis e vitrinas, o que non só nos proporcionará unha experiencia única axudándonos a comprender mellor e de xeito máis divertido como vivía aquela xente, senon que nos permitirá tomar conciencia do verdadeiro valor do noso patrimonio arqueolóxico.

¡Que o disfrutedes!

